

FOCO JOHN CASSAVETES

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Para min o cinema é unha cuestión de vida ou morte, se non é así non me interesa”

Entrevista con John Cassavetes
Por Russell AuWerter

Por que decidiches converterte en director de cinema? Realmente nunca tomei esa decisión. Tiña unha chea de amigos en Nova York que eran talentosos actores e estaban sen traballo así que decidimos abrir un taller. Na West 48th Street atopei un local axeitado, nos antigos Malin Studios. O novo espazo non estaba pensado como unha escola, senón simplemente un lugar no que a xente puidese actuar e ensaiar. Eu era un actor máis e non estaba na miña intención ser cineasta, pero decidín expoñer os meus propios problemas como actor para que me axudasen a resolvelos: como entrar nunha escena, como mesturar improvisación

e interpretación, como comunicar co público, como rir no escenario... problemas comúns a todo actor.

Durante estes experimentos traballamos moito o tema da improvisación. Os actores e actrices pasaban longo tempo improvisando na escena e o resultado adoitaba ser moi malo. Así que decidín introducir a improvisación no medio de escenas con guión. Sentín que seguía sen funcionar e púxenme a estudar a cuestión a fondo. Comezamos por prescindir do texto e traballar máis a pura capacidade de improvisación. Os resultados foron sorprendentes e pensei, que diaños, isto daría para un bo filme! Esa noite fun a un programa de radio co meu amigo Jean Shepherd e contei que estaba pensando en facer unha película. Ao día seguinte recibín máis de dous mil dólares en doazóns. A cineasta Shirley Clarke emprestounos varios equipos e moita outra xente se implicou deixándonos material. Puxémonos a gravar de contado. O resultado foi *Shadows*.

Ademais de dirixir e actuar sempre escribes as historias dos teus filmes. É algo importante para ti? Nunca faría un filme no que eu mesmo non me encargue do guión. Gústame dar até a última pinga de sangue no

proceso de escrita e que o texto me atinxa persoalmente. É algo que non deixo facer a ninguén máis cá min.

En canto ao proceso de edición, cal é a túa participación no mesmo?

A meirande parte dos montadores profesionais son bos no seu traballo. O problema é que están afeitos a un estilo de montaxe que non funciona para as miñas películas. Non é que sexan malos no seu traballo senón que o corte que fan é automático, segue as normas establecidas, namentres que no meu cinema ten que chegar tras un proceso longo e duro de traballo coa película.

Iso mesmo aplícase ao resto da equipa técnica: director de fotografía, arte...?

Exacto. O requisito máis importante para traballar comigo é unha profunda implicación. Para min o cinema é unha cuestión de vida ou morte. Se non é así non me interesa. En contrapartida temos total liberdade, podemos dicir e facer o que nos pete, non hai límites.

Publicado orixinalmente en *Action 5*, Xaneiro-Febrero de 1970.
Incluído en *John Cassavetes: Interviews*.
Edited by Gabriella Oldham, University Press of Mississippi, 2016
Traducións: Xan Gómez Viñas

638

FOCO JOHN CASSAVETES

FEBREIRO - MARZO - ABRIL DE 2020

5 obras clave do gran pioneiro do cinema independente

Pases únicos os martes



ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax



Obituario John Cassavetes

Por Jonathan Rosenbaum

A nova da morte de John Cassavetes chegoume no Festival de Rotterdam e a miña resposta inicial foi similar á que deu Bily Wilder no funeral de Ernst Lubitsch: «Acabouse Lubitsch» díxolle un amigo e el respondeu, «peor ca iso, acabáronse os filmes de Lubitsch». É difícil imaxinar dous directores máis diferentes que Lubitsch e Cassavetes pero ambos crearon o seu redor un cinema feito desde a paixón, asinando filmes que non se parecen a nada do que se puidera ter visto antes ca eles. E por suposto crearon lexións de seguidores. No caso de Cassavetes podemos pensar en Peter Bogdanovich, Jean Eustache, Henry Jaglom, Elaine

May, Rob Nilsson, Maurice Pialat, Jacques Rivette ou Martin Scorsese.

Tamén pensei que nunca se ha levar á pantalla unha extraordinaria obra de teatro chamada *A Woman of Mystery* que tiven a fortuna de gozar nunha pequena sala de Beverly Hills. A enorme carreira de Cassavetes como escritor e director teatral é o aspecto menos coñecido do seu traballo pero non hai que esquecer que moitos dos seus mellores filmes —*Faces* (1968), *Unha muller baixo a influencia* (1974) ou *Noite de estrea* (1977)— comezaron como obras de teatro e mesmo o seu primeiro traballo, *Shadows* (1959), comezou como un taller de improvisación para actores.

O cinema de Cassavetes contivo sempre un modernismo instintivo e asistemático, comezando polo prólogo de *Faces*, onde John Marley entra nunha sala de cinema para ver un filme que semella ser o propio *Faces*. A pesar do anti-intelectualismo que parece defender *Shadows*, a radical dirección

que asumiu o seu traballo levouno a reinventar moitos dos fundamentos do cinema moderno: autoreflexividade, fragmentación narrativa, continuidade pouco ortodoxa, fuxida do psicoloxismo...

Nun breve pero sagaz artigo de Peter Bogdanovich vemos que Cassavetes foi un revolucionario e enfatiza no cariz profundamente político do seu traballo, aspecto que ten sido amplamente ocultado ou malinterpretado. Boa parte da relevación que supuxo *Shadows* na súa estrea en 1960 foi a súa capacidade para afrontar o racismo sen nomealo de maneira explícita nos seus diálogos. Cando Cassavetes centra o foco na clase media en obras como *Faces* ou *Husbands* (1970), amplía o seu público potencial a costa de ofrecer unha brutal crítica a aspectos troncais do xeito de vida americano.

Un dos aspectos máis difíciles de afrontar para a crítica convencional é que os personaxes de Cassavetes

adoitan ser mediocres, pero el deféndeos con tal fervor que cada filme se converte nun acto político. *I Can't Give You Anything but Love* óese no memorábel final de *O asasinato dun corredor de apostas chinés* (1976), convertido nun himno non só para o derrotado e patético, mais sempre nobre e estiloso, dono dun local de strip-tease encarnado por Ben Gazzara, senón tamén para o guionista e director que o concibiu.

E que é aquilo que converte a adoración acrítica de personaxes mediocres nun acto político? O maior peso ideolóxico do *reaganismo* apousa na súa capacidade para facer que boa parte da poboación fiquen invisibilizada ou representada como incoherente. Cassavetes afronta esta incoherencia da maneira máis radical posíbel, non a través da táctica liberal de facelas lexíbeis ao espectador, senón explorando a súa falta de definición desde dentro. Aquí vén ao caso lembrar a liorta de Cassavetes con Stanley Kramer durante a rodaxe de *Ángeles sin paraíso* (1963), na que o

cineasta defendía que non había nada malo en ser un neno con transtornos mentais, que o problema residía en nós e nos nosos prexuízos.

Os sentimentos a redor da familia son cruciais no traballo de Cassavetes. Non é casualidade que a propia casa do director sexa o emprazamento principal de *Faces*, *Unha muller baixo a influencia* e *Love Streams* (*Corrientes de amor*) (1984). O feito de que a protagonista de *A Woman of Mystery* estea desprovista dun teito acada implicacións case apocalípticas nese sentido. Seguindo a ortodoxia que rodea a crítica e a industria do cinema, considérase que a obra de Cassavetes remata coa pouco afortunada *Un hombre en apuros* (1986), pero sería moito máis xusto pensar que a súa carreira rematou por todo o alto con ese drama estraño e misterioso sobre o poder que ninguén poderá ver en pantalla titulado *A Woman of Mystery*.

Publicado en jonathanrosenbaum.net

CALENDARIO DE PROXECCIONS

11 de febreiro | 20:00

SOMBRAS
(*Shadows*, 1959, 87')

25 de febreiro | 19:50

ROSTROS
(*Faces*, 1968, 130')

10 de marzo | 21:45

**UNHA MULLER BAIXO
A INFLUENCIA**

(*A Woman Under the Influence*, 1974, 155')

31 de marzo | 21:45

**O ASASINATO
DUN CORREDOR
DE APOSTAS CHINÉS**

(*The Killing of a Chinese Bookie*, 1976, 135')

14 de abril | 21:45

NOITE DE ESTREA

(*Opening Night*, 1977, 143')

*Se estudas na USC e te inscribes no ciclo «Os ollos verdes», podes obter 1 crédito ECTS e acceder ás sesións con entrada reducida.

Máis información en info@numax.org

NA LIBRARÍA NUMAX

John Cassavetes, interior noche, José Francisco Montero. Shangrila, 2018
Maridos, John Cassavetes. Columbia [DVD]